

VELLAS E NOVAS CONSIDERACIÓNS SOBRE O TOMBO DE CELANOVA

J. Miguel Andrade Cernadas

Hai máis de vinte anos

En 1995 o Consello da Cultura Galega publicaba a primeira, e polo de agora única, edición integral do Tombo de Celanova. O autor da transcripción e do estudio introdutorio fun eu e, para facer os índices, contei coa colaboración de Marta Díaz Tíe e mais de Francisco J. Pérez Rodríguez.

Unha parte dos documentos do Tombo xa se publicaran, total ou parcialmente, en diversos estudos e traballos de investigación que foran publicados ao longo do século XX. A documentación deste fondo era ben coñecida por un selecto grupo de medievalistas e adoito citada por algúns dos máis recoñecidos especialistas neste campo. Faltaba, como veño de comentar, a edición integral dos documentos do cartulario e, xa que logo, do Tombo como se de un documento se tratase.

Tendo en conta que traballara con esta documentación na miña tese de doutoramento, sendo consciente desta lagoa para o campo das fontes para o coñecemento da Idade Media galega e animado por unha serie de mestres, decidín emprender a tarefa de transcribir esta colección documental coa idea de que fose publicada. O interese e amabilidade de Xosé Ramón Barreiro, daquela coordinador da Sección de Patrimonio Histórico do Consello da Cultura Galega, fixo que o traballo tivera acomodo nas publicacións do Consello.

Traballei, esencialmente, sobre unha excelente reprodución fotográfica do Tombo que formaba parte do rico arquivo de fontes medievais galegas que foran reunindo os integrantes do daquela Departamento de Historia Medieval da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. De todos os xeitos, fun a Madrid, ao Archivo Histórico Nacional, dúas veces para revisar *in situ* o códice co fin de cotexar co orixinal dúbidas e lagoas que non podía resolver coas fotografías dos documentos.

Anos despois foron publicadas tres entregas da colección diplomática do mosteiro de Celanova, obra de Carlos Sáez e do seu xa finado pai Emilio Sáez, que fora un dos estudosos máis atentos da documentación celanovesa mais da figura de San Rosendo. A dita colección chega até o ano 1006 e inclúe un documento que non foi transcrito no Tombo. Os seus rexestos son máis completos e pertinentes que os da miña edición e o criterio de individualización e, polo tanto, de contabilización de documentos difire dos que eu manexei. No canto das transcripcións, con excepción de cuestións puntuais, coido que non hai demasiadas diferenzas entre as dúas edicións.

As orixes de Celanova

Rosendo Gutiérrez, quen pasou á historia como san Rosendo, e a súa nai [Ilduara Eriz] foron os fundadores, entre 936 e 942, dun gran mosteiro erixido nunha das moitas propiedades da súa familia e próximo, ademais, a unha das súas residencias preferentes. O lugar elixido foi a *villa* de *Villare* que, dende a fundación do novo cenobio, foi rebautizada como *Celam Novam*, o que poderíamos traducir como a nova cela ou o novo mosteiro. O arranque histórico de Celanova contou, igualmente, con ricas doazóns promovidas por outros integrantes da familia e por varios membros da realeza leonesa coa que os Gutiérrez estaban emparentados.

A grande aristocracia da época, da que a familia de san Rosendo formaba parte sobranceira, adoitaba fundar mosteiros. Xa os pais de Rosendo fundaran varios que tiñan, normalmente, unha serie de características comúns. A primeira é non ser dúplices, é dicir, non ter unha comunidade integrada por monxas e monxes. A segunda, estar fundados naqueles territorios en que o patrimonio da familia era máis sólido. En último lugar, adoitaban estar baixo a advocación do Salvador. Todos estes elementos atópanse en Celanova, que, como comentamos, non foi a única fundación deste grupo familiar pero si a máis importante e de vida máis célebre.

As razóns que explican estas fundacións son moi variadas. Hai, obviamente, un trasfondo espiritual: crear e dotar mosteiros era considerado unha obra piadosa que, críase, ía redundar en beneficio das almas dos fundadores e perpetuaba, cara á posteridade, a memoria da familia. Por outra banda, eses mosteiros, creados e controlados pola aristocracia, podían ser empregados como lugar onde as viúvas, vellos e doentes do grupo familiar poderían vivir. Por esta razón estes cenobios tamén adquirían funcións de tipo hospitalario e, mesmo, parecidas ás dos modernos asilos. Finalmente, e non precisamente pola súa menor importancia, estes mosteiros familiares exercían unha función sobranceira no control de boa parte do patrimonio do grupo. As prácticas hereditarias daquela vixentes contribuían á dispersión e ao esgazado dos bens familiares. Fundar un mosteiro ao que se lle legaba parte dos bens que posuía o grupo era unha das estratexias máis acaídas para evitar perder o control total sobre o seu patrimonio.

O mosteiro no seu contexto

Como acabo de dicir, Celanova non foi a única fundación deste grupo familiar pero, certamente, foi a máis importante de todas. De feito, pódese asegurar que foi o mosteiro máis poderoso da actual Galicia, polo menos dende o tempo da súa fundación e até a chegada dos monxes do Císter, un feito que acaeceu cara a mediados do século XII. No contexto do reino de León coido que só Sahagún tivo máis poder e riqueza que

Celanova ao longo dos séculos X-XII e, fóra de Cataluña, moi poucos mosteiros da Península nesa etapa poden ter comparación con el.

O poder de Celanova, como sucedía en todas as institucións no mundo feudal, baseábase na propiedade da terra. Terras moi cuantiosas que o mosteiro foi acumulando con rapidez. Unha primeira, e certamente significativa, etapa na historia do patrimonio celanovés está constituída pola recepción das terras doadas pola familia fundadora e achegados. Mais, como comentamos antes, con celeridade o mosteiro comezou a mercar ou recibir en doazón outras terras. De feito, xa antes da data que estimamos como a da consagración do novo mosteiro [o ano 942] vemos a Celanova adquirindo propiedades que estaban en terras próximas, como poden ser as actuais parroquias de Ourille ou Amoroce. Tamén nesta etapa xerminal da vida cenobítica [cuns edificios aínda por rematar] Celanova está a recibir doazóns que proceden de eclesiásticos, membros da familia ou o mesmo rei Ramiro II.

Esta maquinaria patrimonial non vai facer máis que medrar até mediados do século XI. O mosteiro vai seguir comprando terras nas proximidades de Celanova e naqueles espazos onde concentra o esencial dos seus intereses. E, igualmente, continuou a recibir doazóns neses mesmos ámbitos e cun parecido ritmo cronolóxico. Cómpre precisar que non todas as vendas nin a totalidade das doazóns responden aos esquemas conceptuais que as ditas accións teñen hoxe en día. De feito, moitas veces unha e outras parecen e poden confundirse. Moitas vendas son unha forma pola que o vendedor compensa a Celanova por non devolverlle un préstamo, pola axuda prestada nun xuízo, por ter obtido calquera forma de protección por parte dos monxes e estas mesmas razóns atópanse no trasfondo de non poucas doazóns aínda que, neste caso, aparezan baixo a etiqueta de doazóns *pro anima* ou por motivos espirituais.

Deste xeito, Celanova vai reunir un inxente patrimonio en terras de cultivo, soutos, montes, gando de todo tipo, estanques que cumpren a función de piscifactorías e presenza en puntos do litoral para obter peixe, salinas, minas férreas, igrexas, incluso outros mosteiros. Paralelamente, o cenobio de San Salvador vai acadar un non menos amplo poder sobre boa parte da xente que vive nestas posesións. Hai, por unha banda, xente que é, falando un tanto lixeiramente, propiedade de Celanova. Son os *servi*, entre outras denominacións, da nosa documentación. Homes e mulleres que non son libres e que poderíamos equiparar, con matices, cos escravos da Antigüidade. Rosendo instalou, canda a fundación do mosteiro, en Celanova un grupo destes homes e mulleres para servir nunha serie de funcións domésticas que ían dende os labores da cociña até os relativos ao coidado e crianza do gando. Pero moitos outros eran entregados xunto coas terras vendidas e doadas ao mosteiro.

Pero, á marxe dos *servi*, unha parte do campesiñado que traballaba e vivía en terras que eran de titularidade monástica podían ser considerados homes dependentes do mosteiro. Aínda que xuridicamente libres, eles tamén tiñan a súa capacidade de decisión en moitos aspectos da súa vida cotián, por non falar da súa vida económica, seriamente

condicionada pola capacidade coercitiva do propietario das terras que, como xa dixemos, era o mosteiro de Celanova.

Propiedade de moitas terras, control sobre a vida dunha parte substantiva dos homes que vivían nelas, Celanova, coma todos os grandes mosteiros desta altura, aínda dispuña doutra fonte de poder. O que, recibido dos reis de León, exercía nunha serie de lugares en nome de, precisamente, o monarca mesmo. Xa en data tan recente como 949, é dicir, só nove anos despois da consagración do mosteiro, Celanova recibe do rei Ramiro II tres pequenas circunscricións territoriais e mais un condado. O rei concédelle estes territorios a Celanova integramente e con todo o censo, os tributos e pagos, que segundo a tradición lle eran debidos. É, xa que logo, unha forma de ceder espazos e cotas de poder político e fiscal a un mosteiro que pasa a cumprir, cando menos nestes aspectos, parte das funcións do poder rexio de xeito delegado. O certo é que a este temperán privilexio rexio vanlle seguir outros moitos ao longo dos séculos X-XII.

Este protagonismo social e político de mosteiros como Celanova está reflectido na súa documentación, empregada, tamén, como elemento de poder. A documentación das grandes institucións eclesiásticas, sinaladamente os mosteiros, é practicamente a única información escrita que chegou até nós, o que lle dá, se cabe, unha importancia aínda maior da que xa ten. Pódese dicir que sen documentación monástica, polo menos até o século XII, é pouco menos que imposible poder facer unha historia da Galicia medieval.

Os números da documentación celanovesa

Os 586 documentos transcritos no Tombo de Celanova abranguen unha cronoloxía que vai dende o século IX ao século XII. O texto máis antigo data do ano 842 e o máis tardío leva a data do 1165. Estas copias de cartulario son, con apenas unha excepción, todos os referentes escritos que sobreviviron da documentación celanovesa neses séculos. Fóra deles non quedan orixinais, nin tan sequera documentos copiados en pergameos soltos. Cómpre dicir que esta non é unha situación excepcional, e moito menos en Galicia, pero o caso de Celanova é un dos máis sinalados.

A súa distribución por séculos é a seguinte:

Século IX:	7
Século X:	232
Século XI:	273
Século XII:	55
Documentos sen data:	19

Trátase, xa que logo, da máis importante colección documental da Galicia anterior ao século XII, a moita distancia doutros sobranceiros fondos desta época como poden ser San Xulián de Samos, do cal conservamos 212 documentos destes mesmos séculos; Santa María de Sobrado, con 144; ou as propias sés de Iria-Compostela, da que nos quedan 96 documentos, ou Lugo, con 94.

A importancia cuantitativa da documentación de Celanova transcende a realidade xeográfica e histórica da actual Galicia. Fóra de Cataluña, cuxa documentación altomedieval ten números, variedades e formatos sen parangón no resto dos espazos hispánicos, Celanova aparece como a terceira colección documental máis importante de toda a Península Ibérica antes do ano 1100, só por detrás doutros xigantes monásticos como Sahagún e San Millán de la Cogolla¹.

Tras expoñer todos estes datos, fica claro que estamos a falar dunha documentación de especial relevancia para o estudo da Alta Idade Media, en especial, aínda que non exclusivamente, para Galicia.

O Tombo de Celanova

Como acabamos de comentar, a maior parte da documentación celanovesa anterior a mediados do século XII chegou até nos copiada, exclusivamente, no tomo ou cartulario de Celanova.

Os tomos son libros en que as grandes institucións copiaban aqueles documentos que, no momento da confección do códice, lles interesaba máis conservar. Adoitan ser libros de gran tamaño e, usualmente, ocupaban un lugar visible e de referencia nos tesouros dos mosteiros e catedrais. Mesmo podían ser exhibidos e empregados en xuízos ou en situacións que puidesen supoñer unha ameaza para a o patrimonio ou os privilexios da institución que os creara.

Aínda que temos constancia da existencia de cartularios en épocas anteriores, pódese dicir que a grande época dos tomos son os séculos XII e XIII. Hai moitas razóns para explicalo pero, por quedarmos cunha que é común a todos os cartularios compilados nestes séculos, poderíamos apuntar cara á necesidade de trasladar os vellos documentos de época anterior, escritos nun sistema caligráfico antigo e esmorecente (a letra visigótica) cara á nova grafía dominante nestes séculos como é a minúscula carolina.

A descrición e breve análise do Tombo de Celanova que vou facer decontado non deixa de ser, no esencial, unha reiteración do escrito no ano 1995 con motivo da edición do cartulario. Dende aquela moitos historiadores traballamos cos documentos do Tombo pero coído que, até onde chega o meu coñecemento, non se avanzou tanto na análise do

¹Boa parte destes datos están tirados do proxecto «PRJ-Proyectos Judiciales en los reinos del norte peninsular (ss. IX-XI)», no que traballei baixo a dirección de Isabel Alfonso Antón.

libro en si mesmo, é dicir, nunha achega codicolóxica ou, mesmo, nun estudo máis polo miúdo da estruturación interna dos seus documentos.

O libro consérvase no Archivo Histórico Nacional de Madrid dentro da sección Códices e Cartularios coa sinatura Codices L. 986. O título co que se identifica este códice é o seguinte: «Tombo y becerro antiguo de privilegios y donaciones hechas al monasterio de San Salvador de Celanova por los reyes y particulares, y sucesos notables ocurridos a abades y monjes». Está integrado por 204 folios en pergameo, dos que 198 están total ou parcialmente escritos. O tamaño dos folios é de 400 x 285 mm. Aínda que son varias as mans que interviñeron na escrita dos documentos, pódese cualificar o tipo de letra empregado como o dunha carolina na que se advirten certos trazos góticos ou, dito doutro xeito, como unha letra de transición entre ambas as dúas grafías².

Actualmente está encadernado con cubertas ríxidas de madeira forradas en pel que miden 440 x 320 mm. Advírtese que esta cuberta ía acompañada de broches que, hoxe en día, desapareceron. A encadernación, por outra parte, non vai acompañada por imaxes nin leva texto ningún.

O Tombo de Celanova aparece estruturado en tres libros de desigual extensión. O primeiro vai desde o primeiro folio escrito até o 39, o segundo comeza no folio 40 e chega até o 156, e o último dos libros ten o seu inicio no folio 157 e remata no 198. Esta distribución en libros parécenos que non foi a idea inicial dos editores deste cartulario ou cartularios xa que, aínda que poden detectarse tres proxectos diferenciados, estes non coinciden coa ordenación en tres libros que vimos de comentar.

A ordenación dos documentos transcritos neste códice é outro dos aspectos dos que cómpre falar aínda que sexa sucintamente. Unha parte dos textos aparece agrupada, como é habitual nestes libros, con base en criterios xeográficos. Así, os documentos que acreditan as propiedades e privilexios de Celanova en territorios distantes da Limia adoitan estar agrupados. Dese xeito, vemos que os documentos referidos aos territorios de Quiroga, Caldelas ou Lemos aparecen copiados todos por xunto. Acontece algo parecido cos diplomas que reflicten as propiedades que o mosteiro de San Salvador chegou ter na cidade e alfoz de Zamora, que foron copiados, de xeito agrupado, en tres folios correlativos.

Mención á parte merece a agrupación de documentos referidos a varias *villae*, ou aldeas, máis que particulares para Celanova. Hai dous casos especialmente sinalados, que son as actuais parroquias de Santa María de Bobadela e San Salvador de Rabal, as dúas no actual concello de Celanova e non moi distantes do mosteiro. Os documentos de Bobadela ocupan os folios 119 ao 130 e os de Rabal van do 139 ao 146. Ambos os grupos documentais reflicten dun xeito paradigmático o proceso polo cal o mosteiro vai adquirindo propiedades nestes dous enclaves e, paralelamente, convertendo unha parte dos seus habitantes en «xente de Celanova», en familias que pasan a quedar baixo a férrea supervisión do mosteiro, se non sometidos ao seu señorío.

²Agradézolle a Ana Suárez as súas indicacións sobre a cualificación da escritura do Tombo.

A relativa prolixidade dos documentos destas dúas aldeas dos séculos X e XI non só permiten certificar o proceso de absorción dunha parte da propiedade campesiña polo mosteiro e o engrandecemento deste, deixan, asemade, que coñezamos máis polo miúdo esa propia sociedade campesiña. Unha sociedade que era moito máis diversificada internamente do que a imaxe clásica, e un tanto estereotipada, do mundo medieval tende a proxectar. Recentemente o medievalista inglés Robert Portass empregaba os documentos de Celanova e, moi particularmente, os de estas dúas *villae* para cuestionar esta imaxe estática e horizontal das sociedades campesiñas da Galicia desa época. Grazas a estes documentos é posible, tamén, albiscar os perfís constitutivos das aldeas medievais por dentro, en palabras de Ermelindo Portela e M^a Carmen Pallares, e mais por fóra.

Os cartularios, e o Tombo de Celanova non é excepción, poden ser tamén considerados como arquivos de arquivos. Cando un mosteiro absorbía outro cenobio ou igrexa, incorporaba ao seu arquivo os fondos documentais desa institución, cando menos a parte que lle interesaba ou aquela que lle era útil no momento da transcripción e compilación documental. Velaí o caso do mosteiro de Santa María de Ribeira, sito no actual concello de Xinzo de Limia e fundado entre fins do século IX e comezos do X, que quedou vinculado a Celanova a mediados do século XI. Malia que mantivo esta dependencia de xeito case permanente, o certo é que a comezos do século XIII houbo un momento de disputa, xa que Afonso IX entregou Ribeira ao bispo de Ourense. Seguramente por esa tensión e disputa polo priorado de Ribeira, os monxes editores do Tombo decidiron transcribir entre os folios 105 e 108 catro documentos que, comprendidos entre os anos 1005 e 1093, viñan a defender a tese de que Ribeira era propiedade de Celanova desde entón.

Pero non todos os priorados e mosteiros menores dependentes de Celanova teñen o seu oco entre a documentación do Tombo. As dependencias de Celanova chegaron ser moi numerosas, tal e como quedou recollido por un dos historiadores do mosteiro, frei Benito de la Cueva, quen, no século XVII, mesmo escribiu unha historia deles. O feito de que só uns poucos destes priorados teñan parte da súa documentación copiada no cartulario celanovés é debido, seguramente, a que a súa propiedade e vinculación non foi discutida ou, cando menos, non o foi nas décadas en que se estaban a transcribir os documentos que foron compilados no Tombo. Hai que ter en conta, por outra banda, que algúns destes priorados conservaron un volume documental moi cuantioso, tanto como para poder chegar a ter a súa propia colección documental á marxe da casa nai. É, por exemplo, o caso de San Pedro de Rocas, cuxa colección documental foi editada por Emilio Duro Peña hai varias décadas, que conserva máis de 350 documentos até o ano 1500, dos cales once pertencen aos séculos XI-XIII e ningún deles está copiado no Tombo celanovés. Outro caso podía ser o de Santa Comba de Naves, cunha colección de máis de 250 documentos de época medieval, que foron estudados por Pedro Dono na súa tese de doutoramento.

Xunto cos criterios topográficos e institucionais, parte dos documentos do cartulario celanovés aparecen agrupados segundo outro sistema de ordenación. Falamos daqueles

documentos asociados a unha persoa concreta, responsable da xeración deses textos. Os grandes protagonistas da documentación do mosteiro son, deixando de lado o fundador, os seus abades. Malia iso, non é habitual que os documentos referidos ás compras ou doazóns de cada abade figuren agrupados no Tombo. Por exemplo o abade de cuxo mandato conservamos un maior número de documentos é Pedro I (1091-1109). Del, no Tombo, foron copiados setenta e catro documentos que non van transcritos xuntos senón espallados polos distintos cadernos do cartulario. Polo contrario, si que están copiados en bloque algúns dos documentos relacionados con algún dos prepósitos do mosteiro.

Os prepósitos, abundantemente mencionados na documentación do Tombo, son principalmente os oficiais encargados da xestión patrimonial do mosteiro. Trátase, xa que logo, dos principais protagonistas da súa política adquisitiva. Pódese dicir, de feito, que boa parte das compras e doazóns do mosteiro teñen un prepósito detrás. Algunhas desas adquisicións son o que os historiadores chamamos vendas ou doazóns forzadas, é dicir, transferencias patrimoniais que, baixo a aparencia daquelas, serven para compensar préstamos impagados pero tamén para recompensar axudas xudiciais ou como pagamentos de sancións derivadas dalgún tipo de intervención igualmente xurídica. Pois ben, algúns documentos relacionados con algún deses prepósitos foron copiados en bloque no cartulario celanovés, continuando, posiblemente, a orde que eses mesmos documentos orixinais tiñan no arquivo do mosteiro ou mesmo pequenos cartularios que podían deixar confeccionados os máis activos dos prepósitos ao final do seu mandato.

O exemplo máis sobranceiro, aínda que non único, é o do prepósito Cresconio, quen viviu dacabalo dos séculos X e XI. A súa importancia non estriba só na gran cantidade de documentos que teñen relación con el, nin tan sequera no feito de que, como imos ver, moitos deses foron transcritos de xeito correlativo no cartulario, senón porque coñecemos parte da súa autobiografía polos datos que el mesmo deixou escritos nalgún dos seus documentos máis extensos, que teñen carácter de inventario ou memorial. O certo é que unha parte substancial dos documentos «cresconianos» foron copiados entre os folios 63 e 74. Nese espazo atopamos 25 documentos, dos que seis son de tipo extenso, é dicir, son inventarios que agrupan referencias a outros moitos documentos. Un exemplo destes documentos de documentos pode ser o número 204 desta edición, no que é posible distinguir até 23 referencias a distintos documentos que, con carácter máis ou menos parcial, son ensarillados nunha peza única³.

Outro criterio de ordenación documental é o que atopamos no primeiro dos cadernos deste cartulario. Nel foron copiados sete documentos dun valor singular para o mosteiro e que podemos agrupar en tres categorías. Unha delas, integrada por un só documento, que é ademais o primeiro do Tombo. Trátase do chamado testamento monástico de san

³Os distintos criterios de edición resultan nunha valoración, e mesmo cuantificación, distinta destes documentos. Para advertir estas diferenzas cómpre cotexar a nosa edición coa edición parcial da documentación do Tombo de Celanova feita por Emilio e Carlos Sáez, mencionada previamente.

Rosendo, no que se mesturan as normas de vida da primeira Celanova coa lembranza do fundador. Unha segunda categoría, da que forman parte os documentos números dous, catro e sete da edición, no que se recollen as doazóns fundacionais que Rosendo, súa nai Ilduara e mais a súa irmá Adosinda fixeron en favor do mosteiro e que constitúen as bases do primeiro patrimonio, tanto inmobile como mobile, de Celanova. O terceiro grupo, por fin, está composto por tres diplomas rexios polos cales o mosteiro ve certificado o poder sobre determinados territorios especialmente interesantes tanto por proximidade como por continuar a tradición da familia fundadora. Os monarcas que están detrás destes documentos son Bermudo II e Afonso V, os dous moi relacionados con Galicia e especialmente presentes na documentación de Celanova, e Fernando I, o primeiro rei da dinastía navarra a partir de cuxo reinado tantas cousas mudarían no panorama político. Podemos entender, xa que logo, que os compiladores do cartulario buscaban certificar e conservar memoria escrita do permanente vínculo existente entre a monarquía e o mosteiro en relación, moi sinalada, co control dunha serie de espazos que constituirán o marco en que Celanova exercerá o esencial do seu poder durante séculos.

Hai unha última categoría de documentos dos que é preciso falar malia non estar agrupados no Tombo. Son aqueles que poderíamos considerar procedentes do arquivo dos pais de san Rosendo e que foron conservados polos monxes que editaron o cartulario de Celanova. Estamos a falar de doce documentos que van do ano 916 ao 931, nos que Gutier e Ilduara aparecen exercendo, ás veces, un papel xudicial, en ocasións político e, como non, adquirindo ou recibindo diversas propiedades. Hai que engadir cinco máis nos que, tras a morte de Gutier, a protagonista única é Ilduara⁴, quen continúa en solitario a exercer o protagonismo e a actividade que desenvolvera en vida do marido. Como colofón a estes documentos habería que engadir o chamado *colmellum diuisionis* (documento nº 478 da edición), no que Rosendo e mais os seus catro irmáns proceden á repartición da herdanza da familia. Estamos, xa que logo, ante unha sorte de arquivo familiar subsumido no arquivo monástico que é o Tombo.

Non estamos ante un caso único. Adoita darse en mosteiros fundados por grupos aristocráticos destes séculos. Un caso ben coñecido é o da colección de Otero de las Dueñas, que acolle o altomedieval arquivo condal dos Muñoz e os Flainez. Tamén en Galicia encontramos grupos de documentos leigos incluídos en fondos monásticos. Velaí o caso dos tombos de Sobrado dos Monxes que conteñen parte do arquivo dos chamados condes de Présaras, Hermenexildo e Paterna. De todos os xeitos, coído que este grupo de documentos precelanoveses do Tombo de Celanova teñen un valor singular tendo en conta a importante proxección social e política dos ascendentes de san Rosendo.

Documentos singulares no Tombo

⁴Non inclúo, nesta relación, a doazón fundacional de Ilduara, da que falei xa previamente.

A documentación medieval é definida, en moitas ocasións, como tópica, estereotipada e lacónica. É certo que os escribáns facían o seu labor seguindo unhas pautas ben establecidas e, por outra parte, cómpre lembrar que a maior parte dos textos conservados son o testemuño de asuntos xurídicos (compras, vendas, doazóns, permutas), un feito que, se cabe, redonda máis no carácter basicamente formulario de boa parte da documentación que nos chegou.

Tendo en conta estes principios, convén matizalos. Falamos dunha documentación tópica pero, de modo ningún, de documentación idéntica ou clónica. Independentemente do cambio de protagonistas, de espazos ou motivos, podemos asegurar que non hai dous documentos idénticos. Unha variedade que, mesmo, pode ser aplicada a esas fórmulas diplomáticas que estruturan a elaboración dos textos que integran unha colección documental como pode ser o Tombo de Celanova. Tanto é así que coído que sería moi difícil atopar dous textos que teñan as mesmas fórmulas e que estean combinadas de idéntico xeito. Por iso o xa desaparecido José Luis Martín falaba da utilidade de estudar as «formas inútiles» da documentación altomedieval. Por outro lado, agochados entre os nomes dos protagonistas, os topónimos identificadores e todo tipo de formalidades documentais, é frecuente que os historiadores poidamos atoparnos con pequenos cachos que nos traen o arrecendo da vida cotiá daquelas sociedades. Cantas veces un documento, lido e relido, nos pon ante os ollos información, ou matices dela, que non advertiramos previamente.

Á marxe destes principios, non é menos certo que, de cando en vez, hai documentos que só podemos definir como singulares, ben sexa pola súa estrutura pouco usual ou pola calidade e a tipoloxía da información que transmite. En todos os fondos documentais da Galicia medieval podemos atopar algún exemplo destes documentos pero, sen xénero de dúbidas, é no cartulario de Celanova onde máis se atopan.

Podemos comezar por falar das doazóns fundacionais feitas por Ilduara mais Rosendo (documentos 4 e 2 respectivamente). Aínda que ambos os documentos teñen unha estrutura clásica de doazón, nos dous casos é de salientar a riqueza de bens que nai e fillo entregan a Celanova e que estes dous diplomas recollen polo miúdo. Hai, para comezar, terras espalladas por boa parte dos territorios da Galicia de entón e, mesmo, incluíndo algunhas posesións noutros espazos do reino de León. Tamén atopamos abundantes referencias a cabezas de gando de varias especies e asentadas en distintos lugares. Finalmente, un amplo e rico conxunto de bens mobles que van dende alfaias litúrxicas, mobles e vaixela para a vida da comunidade, teas e vestimentas, até un conxunto de libros que abrangue tanto obras espirituais como aquelas outras de tipo máis formativo. Son documentos, xa que logo, esenciais para coñecer a riqueza e mais o nivel de vida da grande aristocracia galega do século X.

Outro exemplo de singularidade documental constitúeo, sen xénero de dúbida, o documento de Odoino (documento 265). A excepcionalidade deste texto comeza pola súa mesma extensión. Estamos seguramente ante o máis longo de todos os diplomas que foron copiados no Tombo: cobre tres folios que se converteron en nove páxinas na nosa

edición. Hai que dicir, a modo de contraste, que a gran doazón fundacional de Rosendo non chega aos dous folios de extensión ou que o máis importante dos inventarios de Cresconio (ver o documento 180) abarca dous e medio.

Sendo xa salientable este feito, é o seu contido e estrutura o que converte o documento de Odoino nunha peza con poucos paralelos. Con motivo da entrega da igrexa de Santa Comba de Bande a Celanova, a cuxa familia pertencera, Odoino (ou o narrador que conta súa historia) fai un demorado e prolixo relato en que se mesturan varias cousas. Por unha parte a propia historia de Santa Comba e como vai pasando de man a man no medio de preitos, litixios e tumultos. Mención á parte merece a historia persoal do propio Odoino, que está chea de voltas e reviravoltas que o levan, por exemplo, do claustro a fóra del, levado pola forza dunha paixón amorosa para volver, xa rematado o seu romance, outra vez ao recuncho monástico. Estas dúas liñas argumentais van acompañadas de continuas referencias ao contexto histórico e político da Galicia e do León da segunda metade do século X.

A mestura destes ingredientes fai deste documento unha peza claramente literaria dacabalo entre o xénero confesional e autobiográfico con pingas de relato histórico e, mesmo, con trazos dun estilo aventureiro que ten neste diácono o seu heroe ou, se cadra, antiheroe.

Os documentos de carácter xenealóxico tamén teñen o seu oco no Tombo de Celanova. Malia que é na Baixa Idade Media cando xorde a nobreza de sangue e, xa que logo, se elaboran os libros de liñaxes ou árbores xenealóxicas referidos a esas casas principais, xa temos documentos semellantes na Alta Idade Media. Ben é certo que estes van referirse, curiosamente, aos sectores máis desfavorecidos da sociedade: escravos ou xente dependente e, polo tanto, non enteiramente libre. Interesáballes aos redactores destes documentos, sinaladamente mosteiros e catedrais, conservar memoria escrita dese vínculo de dependencia para poder lembralo, do xeito que fose, pasado o tempo e transcorridas varias xeracións.

Un dos exemplos máis salientables e ricos en información destes temperáns textos xenealóxicos está no noso cartulario. Estoume a referir ao inventario en que foi anotada a descendencia dun grupo de escravos domésticos que, como dixemos previamente, foran instalados por san Rosendo en Celanova cando fundara o mosteiro (documento 158). Este prolixo e extenso documento debeu ser elaborado cara a mediados do século XII xa que dalgún deses *pistoribus* se percorre a súa descendencia até a oitava xeración. É dicir, durante uns douscentos anos alguén en Celanova foi tomando nota dos diversos avatares matrimoniais e da proxenie de todos eles. Trátase, ao mesmo tempo, dun amplísimo catálogo onomástico e dunha proba contundente dunha das características máis estruturais das sociedades medievais: unha certa converxencia social, nun marco de dependencia, de xentes de orixe servil con outras que procedían do campo da inxenuidade xurídica. Dalgún xeito podemos considerar que todas as persoas mencionadas seguían a ser vistas, a ollos dos monxes de Celanova, como herdeiros daquela dependencia orixinal dos seus devanceiros. Pero, ao mesmo tempo, é evidente

que os descendentes (entre os que mesmo hai monxes e cregos) xa non teñen a carga servil de partida.

Os documentos referidos a preitos e aqueles outros que recollen intervencións xudiciais, que son bastante numerosos neste cartulario, son tamén moi ricos en informacións. Mesmo atopamos dentro desta categoría algunha peza de ton narrativo, e non exenta de informacións da historia política das súas épocas. Algún deles podería facernos lembrar, aínda que máis modestamente, a xa comentada historia de Odoino. Un exemplo deste tipo de textos xurídico-narrativos pode ser o documento 474 da nosa edición.

Remato este breve percorrido por algún dos documentos máis singulares do Tombo de Celanova facendo unha pequena mención ao documento 238. Datado en 1061, recolle o *pactum*, asinado ante unha corte en León, entre Pedro Díaz e Nuño Vandilaz. O motivo deste acordo consiste en que estes dous homes van compartir a tenza e xestión dunha igrexa e mais as súas propiedades. Parecería un documento, xa que logo, igual a outros tantos. Polo contrario, unha análise do léxico empregado mais o feito de que ambos os homes van herdar un do outro levou a que John Boswell considerara este texto de Celanova como un exemplo do que definiu como «votas da semellanza» ou o que poderíamos definir, en palabras de hoxe, como un matrimonio ou parella entre persoas do mesmo sexo.

José M. Andrade

Novembro de 2016